

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES

CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUAS GALEGA E CASTELÁ, MATEMÁTICAS, CIENCIAS
DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

DEPARTAMENTO:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA	
<p><u>Expresión oral:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación -Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra. - Ampliar o vocabulario a partir das experiencias - Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes 	<ul style="list-style-type: none"> -Participa activamente en diversas situacións de comunicación: gravación de vídeos e videoconferencias grupais e individuais. -Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabra -Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias -Utiliza a lingua galega e valora o seu uso . - Utiliza o vocabulario adecuado á súa idade - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido
<p><u>Expresión escrita:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) - Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua - Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua - Relaciona códigos verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> -Presenta os seus escritos con limpeza, evitando borranchos. - Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas -Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia. - Recoñece o alfabeto -Usa o punto e as maiúsculas.nos seus escritos - Forma e ordena correctamente oracións simples para compor textos sinxelos. - Ilustra de maneira creativa os seus escritos con ilustracións
<p><u>Compresión lectora:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos. - Amosar interese polos textos escritos - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de goce e información 	<ul style="list-style-type: none"> -Le con pronunciación e entoación idónea textos adaptados á súa idade, alcanzando progresivamente a velocidade adecuada -Valora textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. - Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación - Identifica textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas

-Utilizar programas e aplicacións educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe	-Utiliza de maneira guiada distintos programas e aplicacións educativas dixitais como ferramenta de aprendizaxe
MATEMÁTICAS	
-Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	-Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
-Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. - Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	-Le, escribe e ordena números naturais, ata o 99. - Utiliza os números ordinais en contextos reais. -Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras en situacións e contextos reais.
-Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma e resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados
-Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas. -Expresar verbalmente o proceso seguido na resolución dun problema	-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. - Comunica verbalmente de forma sinxela do proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade
-Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza - Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación	-Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual. - Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade
-Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	-Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día, semana e ano Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media. -Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais
-Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	-Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.
-Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de	-Describe a situación dun obxecto, do espazo próximo en relación a un

sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.
-Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo	-Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno
-Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais comunicando a información.	-Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficos básicas.
CIENCIAS DA NATUREZA e CIENCIAS SOCIAIS	
Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
Usar o ordenador identificando os seus compoñentes básicos e coidando o seu uso	Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso
<u>CIENCIAS DA NATUREZA</u> -Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. -Observar e identificar, de maneira elemental, algún ser vivo e comunicar da xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes -Adoptar medidas de protección ambiental e poñelas en práctica. -Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. -Manexar obxectos e aparellos simples domésticos, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas	-Explica as principais diferenzas entre seres vivos e inertes. -Identifica (recolle datos a partir da súa observación) e describe de xeito oral e escrito (empregando distintos soportes) animais e plantas -Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno -Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. - Reduce, reutiliza e recicla obxectos -Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga -Identifica cor, dureza, olor, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. -Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas

<p>CIENCIAS SOCIAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar os elementos principais da contorna a través da observación e uso das TIC. - Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida. - Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día - Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación -Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal -Ser consciente do paso do tempo empregando os días, as semanas, os meses, o anoas estacións e o calendario como instrumento - Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos - Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima 	<ul style="list-style-type: none"> -Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. - Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida - Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite - Cita e valora algunha das festas propias da primavera : OS MAIOS, E O SAN XOAN - Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas. - Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características - Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima - Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima
<p>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</p>	
<p>Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e a dignidade persoal</p>	<p>Actuar de forma respectable e digna coas persoas coas que convive</p>
<p>Crear unha imaxe positiva da súa propia persoa tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.</p>	<p>Manifestar verbalmente unha visión positiva das súas propias cualidades e limitacións</p>
<p>Expresar opinións, sentimentos e emocións utilizando correctamente a linguaxe verbal e non verbal</p>	<p>Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.</p>
<p>Coñecer e valorar as normas de seguridade vial adaptadas á situación que estamos vivindo, analizando as causas e consecuencias do non cumprimento das mesmas</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Explicar a importancia que teñen as normas de educación vial adaptadas á situación actual, para volver á normalidade de xeito seguro. -Identificar as consecuencias que poden provocar o non cumprimento das mesmas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Todas as actividades que se desenvolverán serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación de aprendizaxes anteriores. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. Valoraranse só positivamente as tarefas realizadas neste trimestre, nunca negativamente. Os procedementos que se utilizan son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática da resposta do alumnado e interacción entre profesorado e alumnado. • Análise de tarefas escritas e tarefas orais (traballos realizados en plataformas dixitais, documentos en PDF, fotografías, escaneados, audios vídeos,...); comunicación a través de correo electrónico, videoconferencias co alumnado, etc. • Valoracións dos traballos. • Recompilación dos materiais e tarefas realizadas polo alumnado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tareas usando: <ul style="list-style-type: none"> ○ Fichas de comprensión oral (no caso de lingua estranxeira listenings), de videos, cancións, diálogos,... ○ Fichas de comprensión escrita (no caso de lingua inglesa reading) con vocabulario e estruturas previamente traballadas. ○ Audios ou videos de expresión oral (no caso de lingua inglesa speaking). ○ Fichas de expresión escrita (no caso de lingua inglesa writing) de vocabulario e estruturas estudadas previamente. • Proxectos. • Uso de páxinas WEB, correo electrónico,... • Plataforma de videoconferencias CISCO WEBEX • Plataforma E-dixgal • ...
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final distribuirase do seguinte xeito: 1º trimestre: 40% 2º trimestre: 60% 3º trimestre: Ata un 20%.</p> <p>Para o alumnado que superou a materia do primeiro e do segundo trimestre poderá aplicárselle positivamente ata un 20% máis no 3º trimestre (ata un máximo de 2 puntos) tendo en conta que o 10 e a cualificación máxima. Para o alumnado que ten suspensa/s algunha/s materia/s pode superar a mesma/s se coa posibilidade de obter ata o 20% adicional chega ao aprobado (5) ou o supera.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades para toda a semana son enviadas por correo electrónico. Son actividades de repaso, reforzo e de ampliación, xa que en 1º de primaria parécenos conveniente rematar co proceso de aprendizaxe da lectoescritura (sílabas trabadas), numeración (ata o 99) e cálculo (sumas levando)</p> <p>As actividades son globalizadoras e interdisciplinares: Isto permite que cada familia faga as que mellor se adapten ás súas posibilidades e que os que poidan facelo todo non se aburran. Cada entrega contén:</p> <ul style="list-style-type: none">-fichas para imprimir-actividades para copiar e facer nun caderno-traballos de investigación de sociais ou naturais- actividades nos libros dixitais-e actividades manipulativas e xogos para facer en familia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Envíase, os luns a primeira hora, por correo electrónico, a todo o alumnado a proposta de traballo a realizar durante a semana. Cando algunha actividade requira dunha explicación do mestre envíase un vídeo con dita explicación para que poidan visionalo sempre que o precisen.</p> <p>Os nenos ou as familias contactan cos mestres, a través do correo electrónico, teléfono ou whatsapp cando teñen algunha dúbida, e estes resolven de distintos xeitos, dependendo da natureza da pregunta ou da capacidade de conectividade do neno ou nena, gravando un vídeo, falando co neno ou papás, mandando un documento aclarativo, facendo unha videochamada...</p> <p>Para traballar as relacións sociais, a expresión oral e repasar contidos, faise unha videochamada semanal (habitualmente os xoves) con todo o alumnado, distribuído en dous ou tres grupos diferentes cada semana. Co alumnado sen internet o contacto, envío e corrección de tarefas e explicacións faise a través de chamadas telefónicas e do whatsapp</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Internet, Correo electrónico, Teléfono e CISCO WEBEX- Libros dixitais de VICENS VIVES, ANAYA, Santillana...- Fichas e actividades deseñadas e elaboradas polos mestres, descargadas ou escaneadas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>As actividades son enviadas ás familias mediante correo electrónico ou a través dunha aula virtual.</p> <p>Excepcionalmente, xa que é unha ferramenta recentemente incorporada, tamén se empregará CISCO WEBEX MEETINGS en coordinación cos demais profesores/as.</p> <p>O alumnado sen conectividade será informado telefonicamente ou empregando como canle de comunicación o departamento de orientación.</p> <p>Sempre que se requira información do alumnado por parte do mestre/a poderá facerse uso de: correo electrónico, chamadas de teléfono, videoconferencia, correo electrónico, etc.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.